

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ORDE do 10 de novembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 e se procede a súa convocatoria para o ano 2011. (Código de procedemento IN515B presentación electrónica).

A política desenvolvida pola Consellería de Economía e Industria no marco das competencias que lle atribúe ou Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a través da Dirección Xeral de Comercio, está dirixida, entre outros obxectivos, á planificación, programación e dirección das actuacións orientadas á promoción comercial de determinados sectores da economía galega que se consideren especialmente importantes para a comunidade autónoma, como é o sector téxtil-moda-confección.

A industria do sector téxtil-moda-confección, afectada por unha intensa deslocalización, está a sufrir un proceso de transformación para adaptar as súas tradicionais estruturas ás novas exigencias mundiais, e acometer os importantes retos de competitividade que ten que afrontar, apostando por estratexias baseadas, principalmente, en factores tales como o deseño, a innovación, o control de calidade, apoio á imaxe de marca, cooperación, o uso das novas tecnoloxías e loxística que achegan valor engadido con respecto aos seus competidores no ámbito internacional e facilitan o abandono, con carácter gradual da idea de competir tan só en produción manufactureira.

Tendo en conta que as actuais circunstancias do mercado inflúen, sen ningunha dúbida, na evolución deste sector en Galicia, xa maduro e tradicional, faise necesario camiñar cara a un modelo onde a integración das actividades comerciais no conxunto das funcións da empresa, a elección da canle de distribución axeitada, o nome propio, a busca de novos segmentos de mercado e de novos produtos, ademais da capacidade de rápida adaptación e resposta ás necesidades e requirimentos do consumidor, lles permitirá xerar ás empresas de confección galegas a dimensión e capacidade necesarias para operar nos mercados, incidindo, pola súa vez, na creación dun sector innovador, produtivo, diversificado, competitivo e internacionalizado.

Neste sentido, os obxectivos desta orde están dirixidos a promover o desenvolvemento de actuacións que estimulen o crecemento e estabilidade das empresas téxtiles galegas

fóra da nosa comunidade, prestando o apoio necesario ás actuacións de difusión, de promoción e de acceso aos mercados, complementarias do esforzo industrial levado a cabo para o desenvolvemento de estratexias xeradoras de vantaxes competitivas para un sector que se move nun contexto cada vez máis internacional e globalizado.

Con esta finalidade, a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio, acordou convocar axudas ás empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, e dado que están enmarcadas no eixe 2, tema prioritario 08, actuación 05 no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (internacionalización do tecido empresarial) polo que as actuacións desta convocatoria se financiarán coa participación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e, polo tanto, a súa tramitación quedará condicionada ao cumprimento da normativa da Unión Europea nesta materia.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía e Industria cofinanciadas polo Feder no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, para apoiar a realización de actuacións e estratexias no ámbito da promoción e internacionalización, que incidan na capacidade competitiva das empresas galegas do sector téxtil-moda-confección, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2011.

Artigo 2. Solicitudes e prazo de presentación.

1. O solicitante poderá obter, cubrir, validar e imprimir os formularios de solicitude de subvención regulados nesta orde a través da aplicación informática Axudas virtual (procedemento IN515B presentación electrónica) dispoñible no seguinte enderezo da internet: <http://axudasindustria.xunta.es/att>. Tamén se pode acceder, na oficina virtual desta con-

sellería, sito na enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es> e no enderezo <http://www.xunta.es/espazo-e> da Xunta de Galicia facendo uso do enlace Oficina Virtual de Economía e Industria ou a traves da guía de procedementos e servizos.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citada enderezo á internet dispoñeráse de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Comercio a través dos números de teléfono 981 54 55 48, 981 54 55 07, do número de fax 981 54 55 41 ou da enderezo de correo electrónico cei.dxc.axudas@dxcomercio.es, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, logo de obter e formalizar os formularios de acordo co previsto neste artigo.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, entenderase que o prazo vence o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o de publicación no DOG e, se é festivo, o primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes en formato papel presentaranse preferentemente no rexistro da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, Lei 30/1992).

As solicitudes tamén se poderán presentar en formato electrónico, en vez de en papel, ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do/a representante legal do/a solicitante ou persoa que o/a representa e cando non sexa preciso achegar ningunha documentación en papel, e terán que cumprirse os seguintes requisitos:

O/a presentador/a deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores

recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), Ancert (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firma profesional e Banesto CA.

3. Xunto cos formularios de solicitude deberá achegarse en formato electrónico a documentación a que fai referencia o punto 2 do artigo 4 das bases reguladoras. Para isto, no proceso de formalización telemática permitirase achegar á solicitude os arquivos informáticos necesarios. No caso de presentación telemática unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática da devandita documentación ao rexistro telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no Rexistro de Entrada, e nese momento expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

4. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para tal efecto procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e adoptará tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; non obstante, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito enviando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificio administrativo San Caetano -San Caetano s/n- 15704 Santiago de Compostela, ou

ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá encontrar na guía do cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 3. Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez finalizado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a seis meses.

Artigo 4. Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN515B presentación electrónica, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Comercio, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da consellería (<http://economiaeindustria.xunta.es>), a súa epígrafe de axudas e na oficina virtual.
- b) Os teléfonos 981 54 55 48, 981 54 55 07 da devandita dirección xeral.
- c) O enderezo electrónico cei.dxc.axudas@xunta.es
- d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2011.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización (IN515B)Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións.*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto incentivar o desenvolvemento de actuacións e estratexias de difusión, promoción e acceso a mercados, xeradoras de vantaxes competitivas que incidan na proxección e posicionamento das empresas galegas do sector téxtil-moda-confección nos mercados externos a Galicia, de carácter internacional.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e conta co financiamento ao 70% do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, polo que este réxime de subvencións quedará suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006 relativo ás axudas *de minimis* (DOUE do 28 de decembro), así como aos regulamentos (CE) 1080/2006 (DOUE do 31 de xullo), 1083/2006 (DOUE do 31 de xullo) e 1828/2006 (DOUE do 15 de febreiro) relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e a Orde EHA 524/2008 do 26 de febreiro, relativa aos gastos subvencionables polo Feder e o Fondo de Cohesión.

3. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29.1.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007), consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada.

En concreto, considéranse actuacións subvencionables sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2011 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 18, coa excepción dos gastos efectuados no ano 2010 exixidos en concepto de anticipo para a participación en eventos expositivos realizados en 2011:

Tipo a) Actuacións de difusión:

Subtipo a.1. Actuacións de difusión e divulgación con fins promocionais realizadas a través de campañas ou insercións en medios de comunicación, sempre que a súa difusión se realice en mercados internacionais.

Subtipo a.2. Actuacións de difusión e divulgación con fins promocionais realizadas a través da elaboración de material promocional como catálogos, folletos e similares, en calquera soporte, que conteñan información da empresa beneficiaria e que contribúan á divulgación e ao coñecemento dos seus produtos en mercados internacionais.

Gastos subvencionables:

Terán a consideración de gastos subvencionables todos os relativos ao deseño, elaboración, edición, tradución, impresión e, se é o caso, a inserción.

Tipo b) Actuacións de promoción:

Subtipo b.1. Participación en feiras, desfiles, certames e outros eventos expositivos sectoriais de carácter profesional e internacional.

Gastos subvencionables:

Neste caso, terán a consideración de gastos subvencionables o aluguer de espazos e servizos; a construción, montaxe e decoración de postos; o transporte do material de exposición; inscrición e seguro obrigatorio; inserción no catálogo da feira; estilismo; fotografía; modelos; os traballos de gabinetes de comunicación específicos para o evento e, cando se trate de asistencia a feiras e eventos no estranxeiro, a contratación de intérpretes.

Subtipo b.2. *Corners* e *show-rooms* situados nos mercados internacionais, para favorecer a promoción a través de exposicións permanentes.

Gastos subvencionables:

Terán a consideración de gastos subvencionables os alugueres de espazo, os traballos de gabinetes de comunicación específicos para estas actuacións, o persoal contratado para a atención dos devanditos espazos, así como o deseño, a construción e a decoración destes.

Tipo c) Actuacións de acceso a mercados:

Subtipo c.1. Estratexia de penetración nos mercados externos a Galicia a través da expansión dunha marca: elaboración dun proxecto de expansión de marca dirixida aos mercados de carácter internacional, como vía de acceso, comunicación e fidelización; así como a materialización dos acordos con terceiros.

Gastos subvencionables:

- Os gastos de consultoría externa e asistencia técnica que engloben o desenvolvemento dos traballos necesarios para a elaboración do proxecto, tales como a análise e definición de:

Viabilidade técnica, comercial e económico-financeira do proxecto.

Requirimentos técnicos, comerciais ou loxísticos.

Busca e localización de aliados estratéxicos.

- Gastos en que se incorra nas viaxes de prospección, sempre que exista un estudo previo e respondan ás necesidades do devandito estudo. Deben estar realizados por persoal da empresa e referidos unicamente a calquera tipo de transporte público ou establecementos hoteleiros, cun máximo dunha persoa.

- Gastos de asesoramento económico, xurídico e legal que deriven da elaboración do proxecto.

Subtipo c.2. Estratexia de penetración nos mercados internacionais a través de licenzas de marca: elaboración dun proxecto que englobe o estudo de novas liñas de negocio amparadas en licenzas de marca orientadas ao acceso aos mercados internacionais así como a materialización dos acordos con terceiros. Os solicitantes terán que ser os titulares ou licenciarios das marcas que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 4 das bases reguladoras.

Gastos subvencionables:

- Os gastos de consultoría externa e asistencia técnica que engloben o desenvolvemento dos traballos necesarios para a elaboración do proxecto, tales como a análise e definición de:

Viabilidade técnica, comercial e económico-financeira do proxecto.

Requirimentos técnicos, comerciais ou loxísticos.

Busca e localización de aliados estratéxicos.

- Gastos de asesoramento económico, xurídico e legal que deriven da elaboración do proxecto.

4. Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación destas bases as actuacións seguintes:

- Os gastos do persoal habitual contratado pola empresa e calquera outro derivado da actividade habitual e corrente da empresa solicitante.

- Os custos de *mailings*, convites, regalos promocionais e os relativos a celebración de cócteles e actos análogos.

- Deseño e creación de páxinas web.

- O imposto sobre o valor engadido (IVE).

- Gastos de actuacións realizadas ou dirixidas ao ámbito da Comunidade Autónoma Galega.

- Aqueles gastos que resulten de carácter xeral ou non estean expresamente referidos á actuación concreta que se propón para a subvención.

- Folletos e outro material que non estean dirixidos estritamente a fins promocionais.

- No que se refire á participación en feiras internacionais, non se apoiarán aquelas actuacións que coincidan coas actuacións proxectadas no marco do plan de fomento das exportacións galegas (FOEXGA) que desenvolven conxuntamente pola Consellería de Economía e Industria e as Cámaras de Comercio, Industria e Navegación galegas.

- Aqueles outros que non estean directamente vinculados coa realización da actuación subvencionable.

Artigo 2. *Financiamento e concorrencia.*

1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde financiaranse co crédito ampliable correspondente á aplicación orzamentaria 08.03.741A.771.1, Axudas á promoción e internacionalización do sector téxtil-moda-confección, por un importe máximo de 900.000 euros para o ano 2011, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o

que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 9. Esta aplicación orzamentaria está cofinanciada nun 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e o 30% restante polo Fondo de Compensación Interterritorial (FCI). As actuacións previstas están comprendidas no Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, dentro do eixe 2, tema prioritario 08, actuación 05.

En concreto, o dito crédito poderase ampliar excepcionalmente cando o aumento veña derivado de: a) unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, b) a existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, c) no suposto previsto no artigo 25.3.º do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Este incremento quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

2. Contía das subvencións:

Para as actuacións incluídas nesta convocatoria o investimento máximo subvencionable será de 100.000,00 € e a porcentaxe de subvención do 50%.

3. O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do investimento subvencionable.

4. A axuda *de minimis* non se acumulará con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se a acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso, nun regulamento de exención por categorías ou nunha decisión adoptada pola Comisión Europea.

5. Ningunha operación recibirá de ningún fondo unha axuda superior ao custo elixible, de acordo coa normativa sobre gastos subvencionables ao incluírse as subvencións dentro do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013. No caso de percibir outras axudas financiadas por fondos europeos ou instrumentos financeiros comunitarios, garantirase que o conxunto das axudas non supere o custo elixible e que non existe dobre financiamento, de conformidade co artigo 34 do Regulamento (CE) 1083/2006.

6. As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das regulada por esta consellería e entes dependentes.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as empresas privadas pertencentes ao sector téxtil-moda-confección con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan persoas físicas ou xurídicas.

Para a clasificación das empresas, segundo o seu tamaño, actuarase de acordo coa Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 -DOUE do 20 de maio- sobre definición de microempresa, pequena e mediana empresa, tendo en conta os seguintes criterios:

Microempresas. As que teñen menos de 10 traballadores e un límite de 2 millóns de euros para o volume de negocio e o balance xeral.

Pequenas empresas. As que teñen entre 10 e 49 traballadores e un límite de 10 millóns de euros para o volume de negocio e o balance xeral.

Medianas empresas. As que teñen entre 50 e 249 traballadores. O límite do volume de negocio é de 50 millóns de euros e o do balance xeral de 43 millóns de euros.

Grandes empresas. As que superen os límites fixados para a definición de medianas empresas.

2. Os solicitantes non poderán estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican no artigo 2 da orde de convocatoria.

2. Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

2.1. Formularios normalizados de solicitude compostos polos anexos II e III, debidamente asinados polo representante legal da entidade correspondente:

2.1.a. Anexo II (folla 1 e 2, modelo normalizado de solicitude): datos identificativos do solicitante e das actuacións subvencionables.

2.1.b. Anexo III (follas 1 e 2, modelos de declaracións) que conterá:

– Declaración expresa sobre a concesión, ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

– Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas por calquera concepto suxeitas ao réxime *de minimis* nos anos fiscais 2009, 2010 e 2011.

– Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007.

– Declaración expresa de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007.

– Declaración expresa de que a empresa solicitante pertence á categoría de microempresa, pequena, mediana ou grande empresa, de acordo co cumprimento dos criterios establecidos pola Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003.

– Declaración expresa de que respecta a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos nos cales recaía algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007 e de que os provedores non están vinculados coa entidade solicitante ou con algún dos seus órganos directivos ou xestores (de estaren vinculados, farase constar de xeito expreso neste punto).

– Declaración expresa de que a entidade solicitante non ten a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1.h) do Regulamento (CE) n.º 1998/2006, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas *de minimis*.

– Declaración expresa autorizando o órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

– Declaración expresa autorizando o órgano xestor para acceder aos datos identificativos dispoñibles noutras administracións públicas.

– Declaración expresa autorizando o órgano xestor para publicar as axudas concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, así

como as sancións impostas, na forma en que determine o órgano competente de conformidade co artigo 13.4.º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para a ano 2006.

2.2. Documentación xurídico-administrativa da empresa solicitante (orixinal ou copia compulsada) que deberá estar en vigor:

– Se é unha persoa física:

– Só no caso de non autorizar a súa verificación, documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro.

– No caso de persoa xurídica:

– Número de identificación fiscal.

– Acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se é o caso, modificación deles, debidamente legalizados. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.

– Só no caso de non autorizar a súa verificación, documento nacional de identidade e documento acreditativo de poder bastante para actuar ante a Administración do representante legal da entidade solicitante.

2.3. No caso de que se solicite subvención para a actuación de acceso a mercados recollida no subtipo c.2 do tipo c) do artigo 1.3 das bases reguladoras, acreditación do rexistro da marca da empresa galega.

2.4. Certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen aos epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a entidade solicitante.

2.5. Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento dos seus deberes coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

As certificacións indicadas nos puntos 2.4 e 2.5 só se deben presentar no caso de que a entidade solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións. Se o certificado dispón de código electrónico de

verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o devandito documento sen compulsar.

En caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, despois de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

2.6. Memoria de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención, que incluírá, polo menos, a súa descrición e obxectivos. Para facilitar a súa elaboración inclúese un índice no anexo VII.

2.7. Facturas ou, no seu defecto facturas pro forma ou orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades ou adquisicións para as cales se solicita subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel. A relación nominativa de facturas presentarase segundo a folla 2 do anexo II.

Segundo o artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

a) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os cales se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados polo solicitante, con independencia da contía dos investimentos.

b) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionados polo solicitante para a realización do proxecto.

c) Memoria económica xustificativa da elección dos provedores, cando a elección do provedor non recaia na oferta economicamente máis vantaxosa, das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante, salvo cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presen, ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude de subvención.

Non existe o deber de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta economicamente máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante.

As ofertas presentadas e os provedores elixidos supoñen unha documentación vinculante para o desenvolvemento do proxecto no caso de ser beneficiario da axuda. Non se considerarán subvencionables, parcial ou totalmente, aqueles investimentos dos cales non se presente documentación económica completa conforme o aquí recollido.

2.8. Ademais disto e, se é o caso, para os efectos sinalados no artigo 9 destas bases, presentarase a seguinte documentación:

1.º Certificado expedido polo órgano competente de pertenza a algunha asociación ou agrupación galega representativa dentro do sector téxtil-moda-confección, considerándose como tal aquelas que teñan polo menos 10 empresas asociadas ou que estean integradas noutra entidade (federación, confederación ou clúster), tamén galega do sector téxtil-moda-confección

2.º Certificación que acredite a existencia na empresa de sistemas de calidade, excelencia ou ambientais así como actuacións de responsabilidade social da empresa (RSE).

3.º Se é o caso, declaración de compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3.º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como de uso e posterior utilización da lingua galega nas accións subvencionables. (anexo V).

Artigo 5. *Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases reguladoras. De conformidade co disposto no artigo 20.3.º da Lei 9/2007, de subvencións de Ga-

licia, a presentación da solicitude de concesión da subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda de la Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, e deberá presentar entón as certificacións ás cales fai referencia este punto.

De acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, non será necesario presentar a documentación xurídico-administrativa que xa se encontre en poder desta consellería, sempre que se manteña vixente e identifíquese nos formularios de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para que foi presentada.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación conforme o punto anterior ou que se constate a súa invalidez, o órgano competente poderá requirir o solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3.º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa consta no poder da consellería, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instructor para acceder a esa documentación.

2. De conformidade co establecido nos artigos 6.2b) e 9 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns os servizos públicos, non será necesario presentar o DNI, NIE ou NIF no caso de que a entidade solicitante autorize o órgano xestor a obter os datos identificativos da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto conforme o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

4. De conformidade co artigo 13.4.º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 6. *Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Comercio será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e corresponderalle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 7. *Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5.1.º resulta que non pode acreditarse que a persoa solicitante se encontra ao día do pagamento dos seus deberes tributarios e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, ou no suposto de que sexa necesario presentar documentación, despois de aplicarse o disposto no artigo 35.f) da dita lei.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6.º b) e 60 da Lei 30/1992, os citados requirimentos de emenda ou reparación poderanse facer mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro electrónico de anuncios da páxina web da Consellería de Economía e Industria, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG e poderase facer indicación de que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado taboleiro. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta

publicación no DOG e na web pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que subministre cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as feitas emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 8. *Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

1.º Presidente: subdirector/a xeral da Dirección Xeral de Comercio.

2.º Vocal: un/a xefe/a de servizo.

3.º Vocal: un/a xefe/a de sección.

4.º Vocal: un/a técnico da Dirección Xeral de Comercio, que fará as funcións de secretario.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a valoración que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para ser atendidas, ben co crédito que quede libre, de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos

inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9. Criterios de valoración.

1. Os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

1.º Ámbito territorial estatal e internacional da execución das actuacións de difusión, promoción e acceso a mercados -de 10 a 50 puntos-:

a.1. Execución dunha actuación nos mercados internacionais, 20 puntos, en caso de que sexan máis dunha actuación, 25 puntos.

a.2. Participación en feiras e outros eventos expositivos de carácter internacional que se celebren no ámbito estatal (segundo o calendario de feiras internacionais publicado anualmente pola Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio), 15 puntos.

a.3. Execución dunha ou máis actuacións no ámbito estatal con proxección internacional, excluídas as feiras e eventos de carácter internacional recollidas no punto anterior, 10 puntos.

2.º Esfuerzo de promoción realizado segundo o tamaño da empresa solicitante -de 5 a 15 puntos-:

Grandes empresas, 5 puntos.

Medianas empresas, 10 puntos.

Pequenas empresas e microempresas, 15 puntos.

Para a clasificación das empresas, segundo o seu tamaño, actuarase de acordo coa Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 -DOUE do 20 de maio.

O cómputo de efectivos de persoal e os límites en caso de empresas asociadas ou vinculadas accionarialmente con terceiras, deberá efectuarse como dispón o artigo 6, números 2 e 3, do anexo da citada recomendación da comisión.

3.º Certificación que acredite a existencia na empresa de sistemas de calidade, excelencia ou ambientais así como actuacións de responsabilidade social da empresa (RSE) -de 0 a 10 puntos-.

– Unha certificación de calidade, excelencia ou ambiental, 4 puntos; máis dunha certificación, 7 puntos.

– Acreditación dunha ou máis actuacións de responsabilidade social da empresa (RSE), 3 puntos.

4.º Pertenza a algunha asociación ou agrupación galega representativa dentro do sector téxtil-moda-confección, considerándose como tal aquelas que teñan polo menos 10 empresas asociadas ou que estean integradas noutra entidade (federación, confederación ou clúster), tamén galega do sector téxtil-moda-confección -10 puntos-.

5.º Inversión subvencionable solicitado igual ou inferior a 50.000,00 € -10 puntos-.

6.º O compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3.º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como de uso e posterior utilización da lingua galega nas accións subvencionables, que se acreditará mediante a presentación, debidamente asinado, do modelo que se inclúe como anexo V, 1 punto.

Artigo 10. *Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerá de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Non obstante, poderá prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11. *Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución que deberá estar debidamente motivada e expresará, canto menos, a actuación que se subvenciona

e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable establecido.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6.º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, os/ás beneficiarios/ás, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* poderá remitirse aos/ás beneficiarios/ás a que a consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente, con indicación das súas causas. Non obstante, poderase substituír a devandita notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*, coa indicación de que os/ás non beneficiarios/ás consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 12. *Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta

for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13. *Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, cumpríndose, en todo caso, os seguintes requisitos:

1.º Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

2.º Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

3.º Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supoñan a denegación da axuda ou subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida ao Conselleiro de Economía e Industria xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de vinte días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente despois da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 10 destas bases.

Artigo 14. *Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos dez días hábiles desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunique expre-

samente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e, desde ese momento, adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV, así como por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En caso de que se comunique a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1.º da mesma lei.

Artigo 15. *Obrigas dos beneficiarios.*

1. Son obrigas do beneficiario:

1.º Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2.º Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

3.º Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.º Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas *de minimis* obtidas, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia o artigo 1.2.º destas bases. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5.º Acreditar, con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión, que se encontra ao día no cumprimento dos seus deberes tributarios e fronte á Seguridade

Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.

6.º Manter os investimentos subvencionados coa axuda outorgada e a aplicación dos fondos recibidos, durante un período de cinco anos desde a súa concesión.

7.º Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos relacionados co investimento realizado ao abeiro desta orde, e deberán conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa subvención outorgada durante un período de tres anos a partir do peche do programa operativo, de acordo co disposto nos artigos 60 e 90 de Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006, e deberán restituír a subvención outorgada nos casos en que conorra causa de reintegro.

8.º Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3.º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento dos activos adquiridos ao abeiro desta axuda con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria. Para isto empregarán adhesivos ou distintivos similares coa lenda Proxecto cofinanciado, xunto co do escudo normalizado da Xunta de Galicia.

9.º Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da devandita lei.

Artigo 16. *Obrigas específicas de publicidade.*

1. O beneficiario deberá cumprir as medidas en materia de información e publicidade reguladas na sección 1 do capítulo II do Regulamento (CE) n.º 1828/2006 da comisión, do 8 de decembro, e no artigo 1, números 1 e 2 do Regulamento (CE) 846/2009 da comisión, do 1 de setembro de 2009, e que se recollen na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007-2013, que poden consultarse na páxina web:

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/guia-intervencions-cofinanciadas-fe>

2. En aplicación desta normativa en materia de publicidade, os beneficiarios deberán ter en conta que, de acordo co artigo 9 do citado Regulamento (CE) n.º 1828/2006 e o ar-

tigo 1.2.a) do Regulamento (CE) 846/2009, todas as medidas de información e publicación establecidas, incluírán os elementos seguintes:

- O emblema da Unión Europea.
- Referencia ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).
- Declaración do Fondo: Unha maneira de facer Europa.
- Proporcionalidade entre emblemas.

3. A aceptación desta axuda supón a publicación na lista de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da comisión.

Artigo 17. *Subcontratación.*

A subcontratación realizarase de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007 e poderá alcanzar o custo total da actividade proposta.

En todo caso respectarase a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos en que recaia algunha das condicións establecidas no dito artigo 27.

Faise especial indicación de que os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores; non obstante, con carácter excepcional, o órgano concedente poderá outorgar a súa autorización cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- b) Que o solicitante achegue a súa xustificación razoada do seu carácter excepcional.
- c) Que se solicite a súa autorización previa (a solicitude de autorización e a súa xustificación presentaranse xunto coa solicitude de subvención).

Artigo 18. *Xustificación da subvención.*

1. O pagamento da subvención quedará condicionada á presentación, nos lugares sinalados no artigo 2 da convocatoria e ata o 30 de decembro de 2011, do orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

- a) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos

termos que se establezan regulamentariamente (importe sen IVE e importe total), en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto. Achegarase relación nominativa de facturas agrupadas e ordenadas por actuacións subvencionables e facerase constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pagamento (especificarase, se é o caso, o tipo de cambio aplicado), seguindo o modelo que figura como anexo VI.

b) Xustificación dos pagamentos: acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade bancaria.

c) Anexo III (follas 1 e 2, modelos de declaracións) que conterá:

– Declaración expresa sobre a concesión, ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

– Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas por calquera concepto suxeitas o réxime *de minimis* nos anos fiscais 2009, 2010 e 2011.

– Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007.

– Declaración expresa de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007.

d) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, en caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

e) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento na que conste a razón social e o NIF da entidade subvencionada, así como o código do banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente.

f) Copia en formato electrónico dos contidos das actuacións realizadas (insercións, folletos, catálogos, fotografías, proxectos, acordos e demais documentación e da acreditación da publicidade do financiamento da Xunta de Galicia, segundo o sinalado no artigo 15 desta orde).

2. Os órganos competentes da Consellería de Economía e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Artigo 19. *Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. O libramento da subvención aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira ao número de conta designado polo beneficiario.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificicado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, sempre que esta garantida a consecución do obxecto. En caso de concorrencia con outras subvencións ou axudas observarase o establecido no artigo 2.3.º desta orde.

Artigo 20. *Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. Nos supostos de falta de xustificación, de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia ou de incumprimento dos deberes contidos nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención incluíndo a data en que se acorde a orixe do reintegro.

2. O procedemento para declarar a orixe da perda deste dereito será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. *Control.*

1. A Consellería de Economía e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Á parte do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 22. *Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía e Industria.

Artigo 23. *Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro; na lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na anualidade; no Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas *de minimis* DO L 379, do 28.12.2006; no Regulamento (CE) n.º 1080/2006, no Regulamento (CE) n.º 1083/2006, e no Regulamento (CE) n.º 1828/2006, relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e no resto da normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Comercio



FONDO EUROPEO DE
 DESENVOLVEMENTO REGIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"



ANEXO II (folla 1)

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDIMIENTO SUBVENCIÓNS ÁS EMPRESAS GALEGAS DO SECTOR TÉXTIL-MODA- CONFECCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN E ESTRATEXIAS DE PROMOCIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN | CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN515B | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DO/A SOLICITANTE

| | | |
|--------------------------------|----------------------|----------------------|
| NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL | | EPIGRAFE IAE |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> |
| DNI / NIF | ENDEREZO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| LOCALIDADE | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA

| | | |
|--|----------------------------------|-----------------------------|
| TÍTULO DAS ACTUACIÓNS | | |
| <input type="text"/> | | |
| INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR (MAX. 100.000,00 €) | PORCENTAXE SOLICITADA (MAX. 50%) | SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

E, na súa representación legal

| | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|
| APELIDOS | NOME | DNI |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| CARGO | | |
| <input type="text"/> | | |

Persoa de contacto

| | |
|----------------------|----------------------|
| APELIDOS | NOME |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

| | | |
|---|--|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 10 de novembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (Código de procedemento IN515B presentación electrónica).</i> | (Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/> | NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE EFECTOS ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___ |
| SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____ de _____ de _____ | | |

Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Comercio.
 Edificio administrativo San Caetano, s/n- bloque 5-3.º andar. 15781 Santiago de Compostela





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Comercio



FONDO EUROPEO DE
 DESENVOLVEMENTO REGIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"



ANEXO II (folla 1) continuación

| DOCUMENTACIÓN QUE O/A SOLICITANTE PRESENTA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA CONSELLERÍA (segundo o artigo 4 das bases reguladoras) | TELEMÁTICA | PRESENCIAL | CÓD. PROC. | ANO |
|--|--------------------------|--------------------------|------------|-----|
| <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN EXPRESA SOBRE A CONCESIÓN OU SOLICITUDE DOUTRAS SUBVENCIÓNS, DE RÉXIME <i>DE MINIMIS</i> , DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, E DECLARACIÓN EXPRESA DE ESTAR AO DÍA NO PAGAMENTO DE OBRIGAS POR REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS, SEGUNDO O ANEXO III (FOLLA 1). | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN EXPRESA DE PERTENCER Á CATEGORÍA DE MICROEMPRESA, PEQUENA, MEDIANA OU GRANDE EMPRESA, DE ACORDO COA RECOMENDACIÓN DA COMISIÓN EUROPEA DO 6 DE MAIO DE 2003, SEGUNDO MODELO NORMALIZADO ESTABLECIDO NO ANEXO III (FOLLA 2). | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN EXPRESA DE QUE RESPECTA A PROHIBICIÓN DE SUBCONTRATAÇÃO COS PROVEDORES DE BENS OU SERVIZOS NOS CALES RECAIA ALGUNHA DAS CONDICIÓNES ESTABLECIDAS NO ARTIGO 27 DA LEI 9/2007 E DE QUE OS PROVEDORES NON ESTÁN VINCULADOS COA ENTIDADE SOLICITANTE OU CON ALGÚN DOS SEUS ÓRGANOS DIRECTIVOS OU XESTORES, SEGUNDO MODELO NORMALIZADO ESTABLECIDO NO ANEXO III (FOLLA 2). | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN EXPRESA DE QUE A ENTIDADE SOLICITANTE NON TEN A CONSIDERACIÓN DE EMPRESA EN CRISE CONFORME AO DISPOSTO NO ARTIGO 11.H) D O REGULAMENTO (CE) N.º 1998/2006, DO 15 DE DECEMBRO, RELATIVO Á APLICACIÓN DOS ARTIGOS 87 E 88 DO TRATADO ÁS AXUDAS <i>DE MINIMIS</i> . | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> SÓ NO CASO DE NON AUTORIZAR A SÚA VERIFICACIÓN DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA PERSONALIDADE DA ENTIDADE SOLICITANTE (DNI E/OU NIF). | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> ACTA, ESCRITURA OU DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN E ESTATUTOS DA ENTIDADE SOLICITANTE. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> SÓ NO CASO DE NON AUTORIZAR A SÚA VERIFICACIÓN DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA PERSONALIDADE (DNI) DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> PODER BASTANTE PARA ACTUAR ANTE A ADMINISTRACIÓN DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> NO CASO DE ACTUACIÓNS SUBTIPO C.2, ACREDITACIÓN DO REXISTRO DA MARCA DA EMPRESA. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLA AXENCIA TRIBUTARIA EN QUE CONSTEN AOS EPÍGRAFES DO IAE EN QUE FIGURA DE ALTA A ENTIDADE SOLICITANTE. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓNS EXPEDIDAS POLOS ORGANISMOS COMPETENTES, ACREDITATIVAS DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DOS SEUS DEBERES COA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, A TESOURARÍA DA SEGURIDADE SOCIAL E A CONSELLERÍA DE FACENDA. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> MEMORIA DAS ACTIVIDADES PARA AS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> FACTURAS E/OU FACTURAS PRO PORMA E/OU ORZAMENTO DETALLADOS DOS GASTOS PREVISTOS. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICADO EXPEDIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE DE PERTENZA A ALGUNHA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN GALEGA REPRESENTATIVA DENTRO DO SECTOR TÉXTIL-MODA-CONFECCIÓN. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN QUE ACREDITE A EXISTENCIA NA EMPRESA DE SISTEMAS DE CALIDADE, EXCELENCIA OU AMBIENTAIS ASÍ COMO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA EMPRESA (RSE). | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |
| <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | | |





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMIA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



ANEXO II (folla 2)

IDENTIFICACIÓN E BREVE DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS:

-Este resumo non substitúe a memoria que deberá presentar o solicitante.

-Deberase identificar o tipo e subtipos que se correspondan coas actuacións a levar a cabo de acordo co establecido no artigo 2.1.º das bases reguladoras (tipo a, b e c, subtipos a.1, b.1, b.2 e c.2).

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

| ACTUACIÓNS (especificar subtipo segundo artigo 2.1.º das bases reguladoras: a.1, b.1, b.2, c.1 e c.2) | DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS (débense corresponder cos tipos especificados na columna anterior) | PROVEDOR / MARCA | PERÍODO DE EXECUCIÓN (mes inicio e mes finalización) | IMPORTE (€) sen IVE |
|--|---|------------------|--|---------------------|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| TOTAL INVESTIMENTOS (€): | | | | |

A presentación da solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancións impostas, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.




 FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"


ANEXO III (folla 1) (modelo de declaracións)

DECLARACIÓN DE SUBVENCIÓNS OU OUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DA SOLICITUDE, DECLARACIÓN DE MINIMIS, DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO/A NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA, E DECLARACIÓN EXPRESA DE ESTAR AO DÍA NO PAGAMENTO DE OBRIGAS POR REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS.

Dona/Don con DNI
 en calidade de
 comparece en representación de con NIF

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas, DECLARA o seguinte:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención.
 Si se solicitou e/ou ten concedidas axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que de seguido se relacionan:

| CONVOCATORIA ⁽¹⁾ | ORGANISMO | CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾ | S/C/P ⁽³⁾ | DATA | IMPORTE |
|-----------------------------|----------------------|----------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

Ademais, declara expresamente (réxime de *minimis*) que a citada entidade, durante os anos 2009, 2010 e 2011.

- Non obtivo ningunha subvención ou axuda pública, por calquera concepto, suxeita ao réxime de *minimis*.
 Si obtivo ou solicitou outras subvencións e/ou axudas públicas, por calquera concepto, suxeitas ao réxime de *minimis* que son as que de seguido se relacionan:

| CONVOCATORIA ⁽¹⁾ | ORGANISMO | CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾ | S/C/P ⁽³⁾ | DATA | IMPORTE |
|-----------------------------|----------------------|----------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

(1) Indicar a orde da convocatoria da axuda ou subvención para a que se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

(2) De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.

(3) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo, comprométo-me a comunicarlle á Dirección Xeral de Comercio calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s a esta solicitude.

Igualmente declaro baixo a miña responsabilidade non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Finalmente declaro baixo a miña responsabilidade estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMIA
 E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Comercio



FONDO EUROPEO DE
 DESENVOLVEMENTO REXIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"



ANEXO III (folla 2) (modelo de declaracións)

DECLARACIÓN EXPRESA DA ENTIDADE SOLICITANTE

Dona/Don con DNI

En representación da entidade con NIF

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) Que a devandita empresa, de acordo cos criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, PERTENCE Á CATEGORÍA DE (sinale cunha X o que proceda):

MICROEMPRESA PEQUENA EMPRESA MEDIANA EMPRESA GRAN EMPRESA

2) Que respecta a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos nos que recaia algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que (sinale cunha X o que proceda):

Non están vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

Si están vinculados coa entidade solicitante.

3) Que a devandita empresa non ten a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1.h) do Regulamento (CE) n.º 1998/2006, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas *de minimis*.

4) Autorizo a Dirección Xeral de Comercio a:

- Solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda de la Xunta de Galicia.

SI NON

- Verificar os datos de identidade a través do SVDI (sistema de verificación de datos de identidade).

SI NON

- Publicar as axudas concedidas ao abeiro desta Orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, así como as sancións impostas, na forma en que determine o órgano competente, de conformidade co artigo 13.4.º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para a ano 2006.

SI NON

Lugar e data _____, de _____ de _____

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMIA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



ANEXO IV (modelo de renuncia)

Dona/Don , con DNI

actuando en nome e representación da entidade

que ten o seu enderezo en

MANIFESTA:

Que o día (incluírase o texto "publicouse no *Diario Oficial de Galicia*" no caso de que as concesións se vaian publicar nese diario ou "recibiu a notificación" no caso de que as notificacións daquelas se vaian facer individualmente) a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do 10 de novembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, con código de procedemento IN515B, para o proxecto

por unha contía de euros.

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A causa da renuncia á subvención concedida é a seguinte:

Lugar e data _____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da empresa)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMIA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



ANEXO V

DECLARACIÓN-COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

| | | | |
|--|----------------------|---------|----------------------|
| Dona/Don | <input type="text"/> | con DNI | <input type="text"/> |
| en calidade de | <input type="text"/> | | |
| comparece en representación de | <input type="text"/> | con NIF | <input type="text"/> |
| DECLARA | | | |
| Que para a actuación obxecto de solicitude de subvención, ao abeiro da Orde do 10 de novembro de 2011 pola que se establecen subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, en réxime de concorrencia competitiva, comprométese á utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica como consecuencia do procedemento administrativo polo que se concede esta subvención, así como nas actividades para as cales se solicita a axuda, sempre que a natureza destas o permita. | | | |
| E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso. | | | |
| <i>Lugar e data</i> | | | |
| _____, de _____ de _____ | | | |
| (Sinatura) | | | |

ANEXO VII

Índice para a elaboración da memoria prevista no artigo 4 das bases reguladoras

1. Descrición da actividade principal da empresa e da súa estratexia promocional de cara a outros mercados:

1.1. Breve historial da empresa en que se indique a súa evolución no eido da internacionalización e/ou as súas expectativas.

1.2. Actividade principal da empresa Evolución do seu nivel de produción e facturación nos derradeiros anos. Principais clientes e provedores.

1.3. Relación de empresas subcontratadas e definición dos traballos que desenvolven.

1.4. Definición da estratexia promocional cara a outros mercados, referida aos servizos/ produtos que se pretenden prestar/ofrecer no mercado exterior suxeitos a esta subvención.

1.5. Outros datos de interese.

2. Descrición das actuacións do proxecto que se levará a cabo:

2.1. Tipo de actuación.

2.2. Ámbito de aplicación.

2.3. Idiomas empregados.

2.4. Lugares e calendario de execución (recoméndase a utilización dun cronograma).

2.5. Obxectivos perseguidos coa súa execución.